

A QUEN LLE INTERESE...

Ao comezo só pensaba nos cincuenta metros. Un mural de cincuenta metros de longo. Por dous de alto. Poucas fantasías.

Os lenzos nos que acostumo pintar non pasan de tres... A iso xa lle chaman “gran formato”.

Que é entón un muro de cincuenta? Supoño que o saben ben os artistas que traballan facendo arte urbana, ás veces en enormes fachadas de edificios de escala monumental. Pero eu non fago arte urbana... Eu fago arte rural. Son, a todas luces, un artista baleiro... pois disque vivimos na España baleira.

Fun varias veces estudar o muro, ata fixen unha maqueta. Axudoume a ver as proporcións e sobre todo a aventurar que estaba sometido á arquitectura do peirao.

Un peirao é un enorme brazo de formigón que fende o mar para lle dar protección ao “mar de terra”, é dicir, arquitectura de abrigo, augas mansas, embarcacións a salvo, vida portuaria. Os portos foron sempre unha trasfega de xente e mercadorías... Tabernas coma o Pedrapás, que lle arrequeña o corpo aos mariñeiros, porque o mar é brando.

Se ergues a mirada por riba do muro verás mar e Fisterra e nós por estes lares padecemos o clima e o mar do cabo.

O cabo non tolera nada que non sobresaia por riba do espigón, polo tanto é un sitio extremo, un sitio cativo para facer un mural. Este non é o mar de Mallorca, nin o tempo das Palmas... Aí duran máis as cousas... aí dura máis todo... menos a vida, que dura o mesmo, aínda que a nosa sexa unha vida máis dura... en clima.

Despois de estudado o muro, este non deixou marxe. Arquitectura horizontal, formigón corroído, perda de pintura, superficie irregular, repintado custoso. Diñeiro público, diñeiro de todos. Penso en todo isto antes de ter unha soa idea... As ideas non saen ben cando non tes un plan B, pero... tampouco sae ben o plan B se non tes unha boa idea.

A idea, antes de contala, hai que contextualizala.

Vivimos en ano Xacobeo e o que vén, tamén. Galicia saca as súas mellores galas floridas e fai un esforzo do común para pór en valor esta velada xa histórica. É razoable pensar, non é arriscado, que vendo a medio Mundo vir cara a nós como vén, camiñando e medio herniados, saibamos darlle unha boa acollida, como xente xenerosa que somos, en particular as de Lira, pois pasamos de simple vila a coroarnos no escudo, por feitos históricos empíricos. ESTABAN ALÍ... PARA SALVAR.

Propóñenme, pois, a min, con bo criterio, para desenvolver unha idea arredor da temática de *Iacobus*, Santiago O Maior, porque había un Menor, e plasmala, se a cousa ía adiante, no Peirao de Portocubelo; a idea era participar, facerse visibles nunhas actividades pensadas arredor do Xacobeo e dicirlle a medio Mundo, ou máis ben ao noso anaquiño do Mundo, que estamos aquí e que sabemos acoller a xente e, de paso, entretela aprendendo algo. E eu son o encargado de contarllelo. Nin máis nin menos.

E o de “con bo criterio” vén porque pode haber artistas mellores ca min, que os hai, pero eu teño a vantaxe, o privilexio, de ver este Territorio transitar entre a postal sen futuro e o Mardi Gras no que de vez en cando se converte... débete ser cousa do Nordés.

A composición e a escala do noso Territorio fixo que pensara na posibilidade dun mapa; roldábame esa idea, de primeiras... pero non sei por que o run run, e non semellaba que tivera nada que ver. Descartei e a fragua de Vulcano foi por outro lado.

IACOBUS... Onde estás, “hijo de Zebedeo, decapitado por Herodes Agripa y llegado a nuestras costas... la Gallaecia”? Esa era a Historia.

Ademais da outra “actora” que sae na escena.... A beleza mítica, lendaria como a que máis, apoderada -dirían agora- como ningunha, a Raíña Loba quere pasar á Historia... Señores e señoras, *ladies and gentlemen*... no Castelo que domina os Mares Callados, cun tesouro de incalculable valor, manda sobre estes páramos... a Raíña Lupa.

Movémonos no mellor dos territorios posibles, entre mitos e lendas. Niso os galegos acumulamos un amplo expediente. Ademais, eu coñecía de neno a historia da Raíña Lupa... e o seu tesouro... Coñecía e ademais, á tenra idade de seis anos, crina.

Que de novo sería aburrida a vida sen estas cousas... Canto máis se esquecen no tempo os nosos mitos e lendas, máis aburridos e normais nos volvemos... Xa non predicamos coa retórica arredor dun bo lume. Que nos dean.

Así estaban as cousas.

Había “*pliego de condiciones*”... ou sexa, temática, un encargo, unhas liñas máis ou menos que seguir.

Outra das cousas que me viñan á cabeza era o lugar. Portocubelo. Lira.

Por estes lares vén sendo coma o Maracaná dos portos de Galicia, entre os extremos do concello, O Pindo e Lariño, que destaca por outras cousas, pero non por frota.

Respecto moito a esa xente, non é fútil; en tempos, non hai tanto, cos de Caldebarcos, Quilmas e O Pindo formaban unha importante frota na “Fos”. Cando se cruzaban as velas das xeiteiras, semellaban dúas ás abertas; chamábanlle “A Paloma”. Era un instante, só un instante -conta meu pai.

Hai olor a sal, non é broma; a fresquíu de mar que marea... revólvetete por dentro e non é o mar, non; son as ondas... é o fresquíu... así arrecende o mar polas mañás.

Ben, tiña unha historia, o mito do encontro entre a Raíña Loba e o Apóstolo. Non está mal.

Pero...como darlle forma pictórica a este relato, nun muro espigoneiro de cincuenta metros?

Hai unha viaxe dun home, traído xa morto polos seus discípulos aos confíns da *Gallaecia*. Tamén hai unha Raíña que non quere perder o seu status, outro Rei que colabora no engano, un dragón e touros salvaxes, un guiso complexo que me deixa poucas saídas, pero culebrear é o meu.

Un mes investigando, lendo e vendo vídeos do *YouTube*. Fago o percorrido a través da rede, do Camiño. Miro pasaxes do Códice... empápome de letra románica e gótica, penso en manexar textos pictóricos e o mapa volve a roldarme ou a orbitarme os miolos.

Miro as redes a ver se hai referentes dos personaxes; de Lupa case nada, do Apóstolo, matamouros. Non me serve...non penso en facer a catequese no Porto.

Volvo ao muro semanas máis tarde... Aí segue, infinito e gris.

Que hai de común, que fai de ligue para que todo se sosteña, sen ter que pintar coma un bobo imaxes xa construídas, imaxes simplemente ben pintadas que ilustran cada intre feitas, xa, hai máis de cen anos?

A arte debe dar pasiños, aínda que sexan pequenos, para que todo siga camiñando. A nosa contribución á Cultura, unha visión máis, nin mellor nin peor. A visión contemporánea daqueles feitos non é doada de dixerir.

Lupa e Santiago, xuntos nun Territorio. Por fin dou con Ribera e outros mestres que presentan o Apóstolo coma un home, un sinxelo home.

Túnicas acartonadas; case todos, barba. A idade varía duns a outros. Arrímanlle pequenos detalles significativos que identifican a Santiago. Eu investigo como se peiteaban e como se vestían na época, en Betsaida. Déixome levar pola trampa da icona. Santiago podía ser Pedro ou Pablo, coma os do retablo da nosa igrexa, feito polo mestre Ferreiro. Nalgunhas pinturas Santiago é novo; nas esculturas xa case é un vello, pero vello naquel tempo eras con corenta.

Santiago era pescador. E Portocubelo, un porto.

O casamento vaise definindo con prudencia... Deixo descansar esta idea, aínda que sei xa que será a definitiva

Vexo a un Apóstolo vello e cansado de fuxir. As roupaxes son de liño, tinguidas coas cores sinxelas e terrosas dun mariñeiro. Véxolle as carnes que mostran a sequidade do pelexo pegado aos ósos. Este home camiñaba, predicaba... Fíxose vello no Camiño da palabra. Ollos grandes, barba gris... Está... iso, cansado.

Logo traballo en Loba. Sempre a sentín nova e fermosa, así que como ninguén a coñeceu, déixome ir polo meu sentir. Loba era pagá, ten algo de Mononoke, certo salvaxismo impreso por ser Raíña soa. Non sabemos se tiña consorte. Con sorte, igual o tiña. Algúns textos preséntana casada e cun fillo. Cíngome á miña memoria, ao meu mito; non son o retratista da familia real.

Lupa é viquinga, ou celta, ou moura. Sexa como sexa, ten a pel branca, delicada, e o pelo louro. É atractiva, ten a forza no pelo, longo con grandes ondas; é un sinal de identidade. Lupa, Castro Lupario... igual é celta.

Fíxome entón en Boudica, a guerreira celta que liderou as tribos da Britania para botar fóra os romanos. Case é a mesma. O espírito tamén.

Hai un intre de reflexión, de pé, xunta a fiestra sen cristal. Mira para os seus dominios e pensa se non estarán cambiando as cousas, se o seu mundo non estará cambiando, ou a piques. Hai nostalxia na mirada, á par que firmeza. Ten o papo erguido e a ollada firme. Unha raíña soa non se pode permitir fraquezas. Leva un toucado na cabeza e algo nas mans, que aínda non sei o que é. Xa aparecerá... sempre o fai.

As roupas non me preocupan; hai información, hai películas... Venme á cabeza *O sétimo selo*... Estou naufragando nun excesivo e complexo ideario. Todo se torna máis sinxelo cando debuxo os primeiros trazos. Hai bohemia e tamén *art nouveau*... Hai Alfons Mucha.

Onde hai patrón non manda mariñeiro, di o refrán. *Iacobus* é o patrón dun Estado que o contempla impávido exercendo o seu poder, a cabalo dun cabalo branco. “De que cor é o cabalo branco de Santiago?” -dicían... mentres eu quedaba coma lebre paralizada sen saber que contestar, ensimesmado na miña burremia.

Mentres traballo teño tempo para que a cabeza descanse e faino rutineiramente, índose polos cerros de Úbeda. Imaxes, imaxes...

Fuxo deste presente meneando a cachola, quitándome de enriba toda esta sarta de parvadas. Todas son útiles.... por iso aparecen.

Subo á Coruña para ver os meus. Fago unha tregua desta sala que comeza a semellar a sala de espera de urxencias, porque aínda non dou coa fórmula para ligar todo isto. E o tempo pasa.

Comezo de novo o luns...

Métome na Internet e somérxome en imaxes do Camiño... Miro igrexas e imaxino que son un peregrino... *Google*. Comezo a mirar gárgolas sinistras, fiestras escuras, paredes con limo... O Camiño é vello.

Visito a Catedral de Burgos... tamén a de León... tamén a de Santiago. Cos ollos coma potes, vou para a cama, durmir, se cadra.

Ás veces acontecéme que decido soñar con algo e soño.

Esta noite soño con vidreiras. Cores. Formas. Un caldo luminoso que me esperta ás cinco da mañá e digo... *EUREKA* e caio de fatiga. Ata mañá.

Hoxe érgome torpe, tomo café con torrada de pan e queixo fresco, a ver se refresco este corpo que ten pouca gana. Está chovendo, un verán rarote, pero os turistas teñen que aproveitar. Carnota está preñada de xente e caravanas... Vou lento no coche, polos Foros levo sete coches diante ás nove da mañá. Guiris correndo pola estrada, ciclistas, moteiros... toda unha fauna de alleos. Pero os alleos empezamos a ser nós.

Vou pensando no tempo e penso se acertei co material que vou usar. Falo cos camioneiros, varias empresas de toldos e pinturas.

Barallo a opción das lonas de camiión, pero dinme que preciso de pinturas especiais e fago números que non dan.

Lembro entón que para o penal da nosa casa, hai xa sete anos, puxen algo chamado “velo”, unha fibra sintética que se pinta por enriba.

Ningunha idea é boa se o material non resiste, pero as cousas pasan. O peirao é de formigón corroído que ensina os dentes en forma de grava cortante; o “velo” non resistiría no muro. Non me pagan por picar pedra, teño que atopar alternativas.

Vou á de Pancho e compro “velo” e pintura de fachada. Na de Maruja compro plástico para o chan. Invisto unha semana facendo probas e o resultado é unha prancha branca de dous cincuenta por un noventa, a altura máxima do peirao.

Semella resistente pero ten un talón de Aquiles... non se pode dobrar, cuarteas, pero si se pode enrolar. Coido que o teño. Estas teas irán grampadas a bastidores de madeira aparafusados á parede; hai que deixarlle pouco sitio para a entrada dos ventos, así que a separación do muro debe ser moi axustada.

No bastidor, en forma de marco, irán alcaiatas e crearei unha trama pretensada con corda, para que a tea non roce no muro; non duraría dous minutos... as coitelas de grava...

Traballo que non se ve. Moito traballo que nunca se verá hai neste traballo.

Chego á ESMU e métome na sala ben iluminada e con porta ao exterior para fumar un cigarro de cando en vez. Fumo. Unha tea está esperando por min alí, deitada sobre o plástico. Branca, baleira e enorme. Un mes e medio e aínda non comecei. De novo o traballo invisible na procura dunha idea.

Ergo a tea e lévoa á parede suxeitándoa con cinta de carroceiro; teño medo de que caia, pero teño que probar.

Comezo a tirar liñas cun listón, liñas asimétricas coma min... horizontais, verticais e diagonais... Son liñas que se van contrapondo unas ás outras... Ten boa pinta, pero aínda non sei. Cubro o interior das liñas con cinta e comezo, de novo, a dubidar.

Ben, agora a vidreira, como idea, toma forza... Pero cal é o seu contido? Por que a vidreira?

Lembro o soño da vidreira.

Hai unha muller vella diante da porta da Catedral de León. A porta está pechada e semella unha vidreira. Achégome á muller, que está toda envolta nunhas roupaxes negras con touca. Non lle vexo a cara. Está de costas a min, axeonllada fronte á porta gótica de arcos apuntados, cos brazos abertos en cruz. A imaxe é estraña; fálolle, pero ela non mira... só contesta.

É portuguesa. Terá noventa anos e xa ten enterrados a todos os seus... aí... na Catedral. Está esperando a que lle abran as portas. Eu espero alí con ela. A porta rincha cando se abre e ao comezo só hai un fío de luz. Entramos os dous, ela primeiro, e pérdese no espazo. Os ollos, co contraste da luz, precisan dun segundo para adaptarse. Ese segundo é eterno, pero pouco a pouco vou vendo cores... luces que atrapan o po suspendido... atrapado no interior. Miro para as miñas mans tinguidas de luces malvas e vermellas... *EUREKA* -digo.

A luz do Camiño... un Camiño de Luz.

Busco pola muller, pero xa non dou con ela... A muller era a idea. Fíxome entrar e xa estou dentro da idea... na luz.

Deixo todo canto estou facendo e pinto cos rotuladores unha maqueta da vidreira e, pola tarde, vou a Lira. Acompáñanme Antonio Nodar e Tze Man e danme o visto bo.

A liña de cores portuaria funciona ben coa liña do ceo... Érgome por riba do peirao e vexo Fisterra flotando coma un dragón dormente. Dende abaixo non se ve, pero eu sei que Fisterra e A Moa están aí e non quero ofendelas coa miña luz.

Zebedeo... Cada vez estou máis preto.

Miro a Punta de Caldebarcos, seguindo a mallante branca, a pouca que queda xa, que está a marea de bote en bote. A nosa praia anticovid... Detrás dos motroncos... se acaso.

A luz da tarde é gris-arrosada-salmón. Seguro que non hai moitos pintores que se atrevan... Tampouco co noso verde... monótono ata a primavera. Non é culpa do monte... é culpa dos eucaliptos. Verde desgano, sen compás nin harmonía... plano. Xa non sei o que din os rumorosos na costa verdecente. Falan outra lingua.

Tiven que volver á Coruña, pero esta vez levo o “ordenata” e aproveito para escribir. Miro pola ventá do 4º e vexo a praia do Orzán, aí, ao outro lado do Paseo. Hai unha carreira de traíñas que non me chama moito a atención pero quedan bonitas; aínda así, doume a volta e fíxome nunha imaxe da miña filla vestida da Purísima Concepción, simulando un cadro do Greco... Era choio para a escola. Está total, con esa mirada perdida na éxtase da espiritualidade.

Na radio da tele, nun programa de clásica, están soando coros medievais (tal cal) acompasados por laúdes e arcos. Estou no século XIII.

Con todo, non me cadran as contas; o home da radio acaba de dicir que é Mozart e ese é do 1700, pero era un místico... hai que selo para facer esa música. O Camiño é Mística, ou iso debería ser...

O que quero dicir é que sento e escribo, mentres Mozart ourixa os das traíñas. Escribo para lembrar, nada máis que para iso. Para lembrar como fixen as cousas, os pasos que fun dando nese caos; escribo como o fixeron outros, hai xa miles de anos, e hoxe coñecemos os papiros do Mar Morto. A comparación non é moi acertada, pero dixen o primeiro que me vén á cabeza e eu fágolle caso á miña cabeza... Vós non?

A xente da radio aplaude.

No Viso, de volta, tírome á parede coma un poseso.

Teño as luces e teño as estacións de Vivaldi, un clásico.

El vaime dando o outono, a primavera e o verán. O inverno, paso. Deus me libre de semellante atrevemento. As luces do inverno están impresas no ADN; aquí é inverno todo o ano, sen ser esaxerados; gris temos a fartar.

As cores son de mar e de bosque. Imaxino o verde da folla do carballo cando lle da o sol. É irreal. Penso nos turquesas cando bate o Nordés na praia e varre area que doe nas pernas. Dende a casa semella Malibú, pero alí estás coma no Sahara. As luces vanse amontoando e a vidreira vai collendo corpo.

Poño sete vasos de plástico no chan para sete tonalidades que comporán a primeira luz do verán. O verán, coma as outras tres, precisaría un peirao para el só, pero hai que resumir, hai que transitar coa mirada polo muro; así como a primavera se vai mesturando co verán, ás veces, o inverno chega de golpe.

O verán é amarelo, seco, quente... ás veces vermello.

Os ríos van baldeiros e apenas quedan pozas nas que suspira a escasa bichería. A luz da sombra, a sombra dun río. A frescura.

Azuis e amarelos mesturados, tamén laranxas para puntear o azul.

A tea, dúas mans de pintura branca a rolete e outras dúas de cor en cada cadrado da vidreira. Confío no comportamento da tea. Pintura leva abonda.

Non hai cores. Hai unha luz total. Un conxunto de luces que constrúen unha única luz; esa é a luz de Carnota, a luz do Camiño... é a mesma.

Todo queda ligado e dominado pola luz. A coherencia de toda esta estrutura está ligada á luz do Camiño, as vidreiras crearán un tapiz de cincuenta metros, cincuenta pasos, un anaquiño do Camiño.

Cando remato a primeira vidreira, antes de sacar a cinta, todo semella confuso e estrañamente monótono. Non sei se acertei coa técnica, coa distribución das liñas e das cores.

Sen mirar, dou pasos cara atrás... sen mirar; e doume a volta de súpeto coa cinta xa retirada e aparecen os marcos brancos e a forza da luz impregna o lenzo e as cores saen para fóra. De novo *EUREKA*.

Xa teño a primeira vidreira, a primeira luz.

Un mes máis tarde xa teño cinco teas enroladas. Non son capaz de expresar felicidade; estou satisfeito, pero cansado.

Comezo a adiantar o proceso comprando madeira para os bastidores. Adrián é quen se encarga de cortar. Secarán durante un tempo; a madeira está verde e non quero que traballe no muro.

Durante dúas semanas deixo descansar as vidreiras, que me saturan, e comezo a traballar en Lupa. Tiña as modelos claras e fixen unha “Franquenstein” ao meu gusto.

Lupa vive nun Castelo e teño unha idea mítica da súa localización. Vive no Alto e domina o Territorio... pero... ¿que ve dende a fiestra pola que mira?

Pola mañá cedo, coma outros días, vou camiño da ribeira para dar unha camiñada ata A Boca do Río pero, non sei por que, cambio de idea e subo polo Camiño dos Costados ata Panchés. Vou subindo nunha mañá clara. A media altura paro e miro para o lugar e vexo a praia e a contorna dos montes ata Os Miñarzos. Saco unha foto co móbil, que se fai sitio onde outras malviven amontoadas en “galería”. Case todas as dos Costados saen movidas cando as descargo, menos dúas. Hai praia, monte, toxo, carrasca e casas.

Xa sei o que mira. Está vendo o mesmo que eu pero sen casas, sen eucaliptos, sen postes da luz. Séculos atrás.

Borro todo rastro de humanidade e quedo cun Caldebarcos medieval. Coa mesma praia, cos mesmos montes, carrasca e toxo en primavera. Dunas. Lira queda tapada polo ombro da Raíña, se non a perspectiva é moi forzada. Non se enfadarán; o mural vai para o seu peirao.

A medida que avanza a pintura, Loba vaise parecendo menos a Boudica e máis a Morgana, a meiga. Xa sei o que leva na man, unha boia de ferro prateado simbolizando un territorio de mar. Un sachito non quedaría moi elegante, pero si un encaixe de palillos. Afirmo a idea da boia, que quedará para o remate, para completar a personaxe. É un día soleado con matices de ser pola tarde... ou pola mañá cedo. O espertar do día.

O Castelo sen detalles, só me paro na ferraxe da ventá, que quero que sexa un pouco oxidada. Envolvereina dun marco de vidreira para que ofrezca continuidade. Iso é todo.

Retomo as vidreiras case tres semanas máis tarde e comezo o outono; dáme por alí.

As vidreiras xa se volveron intuitivas, deixo de planificar... Todo é máis divertido e fresco. Tamén meto máis a pata e teño que resolver o erro, pero diso se trata.

Despois doutro mes e medio collo por banda a Zebedeo. Xa o teño na cachola, coas súas roupaxes acartonadas en amplo voo, que o rodean.

Nada cambia da primeira idea. Firme pero cansado, leva a túnica por enriba da cabeza, cubrindo parte das guedellas. Traballo con tons planos, capa a capa, ata acadar un pouco de volume. Tons terrosos e amarelos de fondo en vidreira para que sobresaia. Na man porta unha vara sen artificios. Arriba o seu nome; case todo o mundo o coñece polo Apóstolo, case ninguén polo nome da súa Casa. Nós aquí todos temos Casa, todos nome da Casa. A Casa perdura; nós só pasamos por ela. Fágome esa homenaxe de termos Casa e chámolle Santiago de Zebedeo... Eu son de Primo, da Casa de Primo, que tamén son meus curmáns. Imos refundando as nosas Casas con novos inquilinos, fillas e fillos. Eles perpetúan o nome da Casa.

Arriba, a cada lado, fago outra chiscadela mariñeira e pinto dous pintos enfrontados. O modelo do peixe está sacado dunha igrexa románica. Só que eu doulle o meu toque autóctono.

Abaixo, en verde, unha fiada de vieiras, por aquilo da iconografía peregrina. Miña nai dime que Santiago levaba un sombreiro cunha cuncha... Eu dígolle que Santiago non foi peregrino.

Quedaba aínda por resolver o do mapa... non me saía da cachola. Había un Santiago e unha Lupa.

Santiago entra por Padrón. Lupa está en moitos lugares galegos, en Carnota mesmo en dous, no Castelo da Moa e máis en Mallou, no Castro.

Xa que o Camiño da Costa aínda non pasa por aquí, decido varrer para a casa e así facer tamén un pouco de pedagogía.

Que ninguén se ofenda se digo que a maioría dos carnotáns non saben onde viven. É un xogo de palabras que indica que a metade non se decata da beleza do seu territorio e a outra metade nin sequera sabe cal é a forma do concello-territorio no que pisa. Non é ningún reproche.

O mapa estaba case acabado cando recibín a visita dun veciño que, mirando para o mapa de catro metros, preguntoume: “E ese que sitio é?” Ao arrimarse e mirar o escudo leu: “MOI HUMANITARIO”. E logo dixo: “Coño, pero se é Carnota!”

Isto fíxome pensar no que non lles estamos ensinando aos nosos nenos e nenas.

A primeira dificultade foi a de atopar un mapa; un mapa coa nomenclatura, é dicir, os nomes dos nosos lugares, os ríos, a costa onde traballan os mariñeiros... En fin... o que somos.

Non é doado atopar un mapa de Carnota no *Google*, no que non saian pensións e restaurantes; casas rurais, hoteis e demais *Tripadvisor*.

Cando buscas un mapa de Carnota iso é o que sae. Dez cousas que facer en Carnota e unha delas en Dumbría. Iso é o que somos para o mundo.

Así que resolvín entre mapas de catastro, militares e un libriño que é unha xoia, que sacou, perdoade, non estou agora certo, a Confraría de Lira, que coido que se chama *Os nomes do noso mar*. Facédevos con el, non ten desperdicio. Grazas... Non cabían todos os nomes, aínda que eu tiña gana.

Quería un mapa vello, lixado pola pátina do tempo, con simboloxía de mapa naval ou de tesouro. Debería levar o escudo e mais a bandeira para lle dar máis corpo e credibilidade. A letra debería semellar tamén de tinta a pluma, antiga. Máis tarde, unha cousa pide a outra, arrimeille os ríos, cabaceiras, muíños, fauna e patrimonio, camiños entre lugares, montes, Pedregal... Perdoade as imperfeccións; a esa escala é doado trabucarse nas distancias.

Pensaba en pór diante da praia o nome de “Praia de Carnota”, pero como por estes lares cada un é de seu pai e de súa nai preferín, non sen dúbidas, pór “Océano Atlántico”... que tampouco prosperou. Lembrei eses descubridores dos mares, xente intrépida, a maioría valentes e xente de honor, que abriron rutas por territorios ignotos. Coñecía esta palabra pero busqueina por se as *fly*.

Ignoto quiere decir “descoñecido, nunca antes transitado”. Lembrei entón que a miña compañeira tiña unha sentenza que dicían en Caldebarcos... Máis alá dos mares que nós vemos están os “MARES CALLADOS”, alí onde a vista xa perde a costa, onde todo é mar e máis mar. Onde che entra o medo de tanto mar. Alí, onde o teu barco non é máis que un cadolo flotando.

Así que, xa sen dúbidas, máis alá da nosa Praia están os “Mares Callados”.

Pelexei coa rotulación... Vaia fregado, pero saíu.

Desfrutei tanto co mapa que quero facer máis.

Fun un tipo con sorte facendo este traballo; buscando información, facendo bosquexos, escoitando a diario R3, coma sempre.

Pelexei co significado das cousas ata construír e darme a coherencia que precisaba. Conteí a miña historia do Camiño... e de nós tamén falei. Nós xa non seremos mito; como moito unha vaga lenda que falará de que por estes lares habitou xente boa, tan boa coma outra calquera.

Fíxeno para falar do noso Territorio, que amo coa profundidade que a miña pequena arte me permite.

Xa non importa nada, eu xa rematei... Agora, se o queredes é voso e se non, a vida continúa... A ver o que facedes cada un de vós con ela... Supoño que o de sempre... vivila.

Temos no noso Territorio un tesouro máis grande que o da Raíña Lupa. Somos nós os soberanos agora, como o foron avós e nais... Somos os responsables de coidalo, para nós e para outros... Sería fermoso pensar que nos lembrarán por pastorear un territorio no que seguramente o progreso é deixalo como está e melloralo; territorio no que, se non Deus, Santiago, O Zebedeo, descansou.

Pero... vós mesmos.

Arrieiros somos e no Camiño nos encontraremos.

Nando Lestón